

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AMES

Aprobación definitiva da ordenanza para a protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Ames.

ANUNCIO

Aprobación definitiva da ordenanza para a protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Ames.

En sesión plenaria celebrada o 28 de xuño de 2018, prestouse aprobación inicial á ordenanza para a protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Ames.

Dito acordo de aprobación inicial foi sometido a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 129, de 9 de xullo de 2018, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Durante o referido prazo de exposición pública, presentouse unha alegación, a cal foi desestimada por acordo plenario de 25 de outubro de 2018, prestando aprobación definitiva á ordenanza para a protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Ames.

En cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, faise público o texto definitivo da ordenanza para a protección dos camiños e vías públicas municipais do Concello de Ames

ANEXO

ORDENANZA PARA A PROTECCIÓN DOS CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE AMES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente ordenanza ten como finalidade primordial a de velar pola debida conservación dos camiños e vías públicas municipais, principalmente fronte aos danos que poden sufrir os mesmos como consecuencia das operacións de saca e tala de madeira, e o transporte da mesma por vías municipais, pero tamén fronte a calquera outro uso que poida causar un prexuízo e impedir ou dificultar o desfrute das vías públicas polos demais usuarios.

A utilización cada vez mais habitual dos camiños rurais por vehículos de gran tonelaxe, principalmente para as sacas de madeira, esixe dunha regulación que permita ao Concello coñecer a realización desta actividade con antelación, ao obxecto do establecemento das medidas que permitan garantir a reparación destes camiños despois da súa utilización.

O mantemento en condicións óptimas dos camiños resulta tamén de interese para a protección das persoas e edificacións fronte aos incendios forestais, xa que cando os mesmos se producen, é esencial que as vías de acceso as zonas forestais se atopen en perfecto estado.

O uso dos camiños e vías públicas municipais en condicións óptimas é un dereito de toda a comunidade de usuarios, e esixe dunha intervención administrativa que regule as condicións nas que se deben de realizar as operacións de saca de madeira nos montes e parcelas do Concello, tanto públicos como privados, e a realización de calquera outro uso susceptible de danar os camiños e vías municipais.

Trátase, en definitiva, con esta ordenanza, de facer compatible a actividade de aproveitamento forestal coa preservación do medio natural, a protección paisaxística, a conservación dos camiños e a seguridade vial.

TÍTULO I FUNDAMENTACIÓN LEGAL

CAPÍTULO I. NORMATIVA APLICABLE

Art. 1.- Normativa aplicable.

A Regulamentación por medio da presente ordenanza fundaméntase no uso das competencias que lle atribúen ao Concello os artigos 25.2 d) e 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os artigos 6, 80.2 d) e 286 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; e os artigos 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das corporacións locais.

CAPÍTULO II. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 2.- Obxecto

A presente Ordenanza ten por obxecto a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais, fronte aos danos e desperfectos que poden sufrir os mesmos como consecuencia das sacas de madeira ou outros usos susceptibles de danar as vías e camiños municipais que se produzan dentro do termo municipal.

Artigo 3.- Ámbito de aplicación.

1.- A presente ordenanza é de aplicación ás operacións de saca e outras relacionadas co ámbito forestal.

Entenderase por operacións de saca de madeira a totalidade das que se desenvolvan para a obtención de madeira de tala, tanto as previas á corta de madeira (desprazamentos de vehículos e/ou maquinaria, preparación dos terreos, accesos ás fincas) como as posteriores (preparación, depósito, carga e transporte).

2.- Inclúense no ámbito de aplicación desta ordenanza outras operacións ou usos susceptibles de danar as vías e camiños municipais, valoradas polos servizos técnicos en base aos pertinentes informes policiais, tales como a circulación e transporte con vehículos agrícolas de grandes dimensións ou circulación de vehículos de recreo a motor como quads, motocicletas e outros similares, así como as actividades deportivas ou culturais que poidan xerar danos ou residuos.

TÍTULO II.- RÉXIME DE AUTORIZACIÓN

Artigo 4.- Comunicación previa.

1.- Aos efectos de garantir a preservación do medio ambiente e da conservación dos camiños e pistas municipais, é obrigatoria a comunicación de tala por parte da persoa física ou xurídica que actúe en calidade de madeireiro, cunha antelación mínima de quince días hábiles.

A comunicación realizada ao Concello de Ames non eximirá da obriga de obter os restantes permisos e licencias que resulten procedentes conforme á normativa sectorial.

2.- Na comunicación previa deberá constar:

- Identificación do propietario das parcelas. En caso de ser varias as parcelas identificarase aos propietarios de todas elas.

- Identificación da empresa encargada da tala, depósito, carga e transporte da madeira. En caso de ser varias, identificaranse todas elas.

- Identificación dos vehículos a utilizar (marca, modelo, matrícula e bastidor), e documentación xustificativa.

- Especie de madeira obxecto da tala, así como toneladas estimadas a extraer.

- Identificación nun plano do catastro ou do SIXPAC das parcelas e referencias catastrais das mesmas, así como indicación do lugar de depósito da madeira á espera da súa saca, e viais polos que se circulará.

- Data prevista do inicio e remate dos traballos.

- Póliza do seguro de responsabilidade civil dos vehículos e da empresa madeireira ou empresario individual, e xustificante do abono do mesmo no ano en curso.

- Xustificante do depósito de garantía, en base ao regulado no art. 10 da presente ordenanza.

3.- A utilización de outros vehículos ou a realización de outras actividades distintas da de saca de madeira que poidan producir danos non estarán suxeitas a ningún réxime de comunicación previa ou autorización, agás no caso de organización de eventos, pero si ao réxime sancionador previsto na presente ordenanza.

4.- O concello poderá denegar ou limitar o acceso e/ou lugar de depósito por calquera das vías ou zonas indicadas no escrito de comunicación previa, de forma motivada en atención ao seu estado, a resistencia do seu firme, a súa ubicación, a súa utilización para outros fins nas datas solicitadas, ou calquera outra causa xustificada.

5.- En ningún caso poderán iniciarse os traballos de tala sen contar previamente coa autorización sectorial correspondente, cando as parcelas obxecto de actuación estean afectadas pola normativa sectorial de augas, patrimonio, estradas ou calquera outra que resulte de aplicación.

6.- No caso de que as tarefas de corta de arborado esixan autorización do órgano competente en materia forestal á que se refire o art. 47.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, o interesado só virá obrigado a dar traslado ao concello de dita autorización. Non obstante, o interesado deberá achegar igualmente, con carácter previo ao inicio dos traballos, o xustificante de ter efectuado o depósito de garantía previsto no artigo 10 desta ordenanza, así coma a póliza de seguro á que se refire o parágrafo segundo deste artigo.

Artigo 5.- Prohibición de almacenamento materias vías públicas.

As vías públicas non poderán ser utilizadas para o almacenamento de madeira. En caso de que o almacenamento se realice en outros lugares de dominio público, será preceptiva a obtención da autorización para a ocupación dos mesmos, previo pago das taxas que correspondan.

Artigo 6.- Actividades deportivas ou culturais.

No caso de actividades deportivas ou culturais, deberá presentarse comunicación previa na que deberá constar:

- Identificación do organizador, xunto con copia do DNI
- Datas previstas de inicio e finalización do evento.
- Percorrido, no seu caso, a realizar.
- Elementos móbiles, de sinalización ou decorativos que se teña previsto instalar.

Artigo 7.- Obrigas

1.- Son obrigas do madeireiro encargado de realizar as operacións de saca de madeira as seguintes:

- Presentar nas oficinas municipais o escrito de comunicación previa nos termos indicados no artigo anterior.
- Sinalizar os viais situados nas zonas de extracción e lugar de depósito de madeira, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

- Limpar, retirar ou eliminar os residuos procedentes da corta de madeira e das operacións de carga e almacenamento, de xeito que as pistas, camiños, cunetas ou espazos públicos queden no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo esas operacións.

- Os depósitos de rolla, ramas ou podalla non poderán invadir a zona de circulación, tanto de vehículos como de persoas, nin menoscabar a funcionalidade das cunetas, canalizacións, pontes ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ao viario, nin supoñer risco para os usuarios da vía.

- Repoñer ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ás fincas ou montes.

- Responder dos danos e desperfectos ocasionados nos lugares da tala, viais de acceso, instalacións e demais infraestruturas, como consecuencia da realización das actividades de saca de madeira.

- As limpeza ou reparacións deberán començar de madeira inmediata unha vez realizadas as operacións de saca da madeira.

- Deberán adoptarse as medidas oportunas para que as vías municipais, polas que se faga o transporte da madeira, estean en todo momento libres de pólas, podalla, barro ou calquera outro elemento que supoña risco para os usuarios da vía.

- Constituír a garantía a prol do Concello, conforme ao establecido no artigo 10 da presente ordenanza.

2.- Son obrigas dos organizadores de eventos culturais ou deportivos que poidan afectar aos camiños:

- Presentar comunicación previa.
- Retirar todos os elementos móbiles e de sinalización ou decorativos que se utilicen durante o evento, de maneira inmediata unha vez finalizados os eventos.

- Responder dos danos e desperfectos ocasionados ao longo do percorrido utilizado.

3.- O demais usos susceptibles de danar as vías e camiños municipais non estarán suxeitos á obriga de presentación de comunicación previa, pero si á reparación dos danos causados e ao réxime sancionador.

Artigo 8.- Responsables

Será o madeireiro encargado da tala o responsable dos desperfectos ocasionados nos viais de acceso aos lugares da tala, como consecuencia tanto da mesma como do depósito, carga e transporte da madeira, quedando obrigado á reparación dos mesmos, incluíndo a limpeza e retirada dos restos forestais resultantes.

No suposto de non ser identificado o madeireiro, será responsable o propietario do monte ou da parcela catastral.

Artigo 9.- Procedemento de esixencia de responsabilidade

En caso de que o madeireiro incumpra algunha das obrigas contidas na presente ordenanza, o concello requirirá para o seu cumprimento, outorgándolle o prazo máximo de vinte días hábiles, sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polos incumprimentos desta ordenanza.

No caso de non ser identificado, de conformidade co previsto no artigo anterior, requirirase ao propietario do monte ou da parcela catastral.

Transcorrido o prazo de vinte días outorgado sen que se dera cumprimento ao requirido, o Concello acordará a realización dos traballos que sexan necesarios, a costa do obrigado, sobre o importe da garantía depositada.

Artigo 10.- Garantías

1.- A persoa física ou xurídica encargada da tala, suxeita á presente ordenanza, establecerá unha fianza a favor do Concello, en calquera das formas establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, co obxecto de responder diante de posibles danos non reparados voluntariamente.

2.- Establécense dúas categorías a efectos de fixación de fianzas:

- a) Vehículos con peso máximo autorizado inferior a 16 Tm: 1500€
- b) Vehículos con peso máximo autorizado igual ou superior a 16 Tm: 3000€

3.- En caso de incumprimento de algunha das obrigas previstas nesta ordenanza, o Concello procederá de conformidade co establecido no artigo 9. Transcorrido o prazo outorgado sen que o obrigado proceda ao cumprimento voluntario, acordarase a realización dos traballos que sexan necesarios a costa do obrigado, sobre o importe da garantía depositada.

4.- Cando as cantidades depositadas en concepto de garantía resulten insuficientes para sufragar os traballos necesarios para a reparación dos danos, recadarase a diferenza en concepto de ingreso de dereito público, sen prexuízo da imposición das sancións que procedan.

5.- No caso de organización de eventos deportivos ou culturais ou de outras actividades que poidan producir danos, non se esixirá fianza, se ben os organizadores e os realizadores serán directamente responsables dos danos que se causen

6.- A garantía será reintegrada ou cancelada a solicitude do interesado e previa comprobación polo concello da inexistencia de danos nas vías e camiños municipais.

TÍTULO III. RÉXIME SANCIONADOR.

CAPÍTULO I.- NORMAS XERAIS

Art. 11.- Procedemento sancionador

O incumprimento do disposto na presente ordenanza sancionase segundo o disposto nos artigos que seguen, ao abeiro do título XI da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. O procedemento sancionador será o regulado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Art. 12.- Responsables.

Serán responsables de las infraccións os causantes dos danos, os organizadores dos eventos, os madeireiros e os propietarios das parcelas cando non identifiquen ao madeireiro encargado da tala.

Art.- 13.- Prescrición

- 1. As infraccións prescribirán aos tres anos as moi graves, aos dous anos as graves e aos seis meses as leves.
- 2. As sancións impostas por infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por infraccións graves aos dous anos e as impostas por infraccións leves ao ano.

CAPÍTULO II.- INFRACCIÓNS

Artigo 14.- Clasificación

As infraccións administrativas desta ordenanza tipifícanse en leves, graves e moi graves.

Artigo 15.- Infraccións leves.

Constitúen infraccións leves:

- a) Non achegar a documentación requirida antes de efectuar a tala da madeira.
- b) A non comunicación da tala por parte do madeireiro no prazo sinalado.
- c) No caso de organización de eventos deportivos ou culturais, non retirar de maneira inmediata á finalización dos mesmos os elementos móbiles e de sinalización ou decorativos que se utilicen durante o evento
- d) Calquera acción ou omisión que infrinja as disposicións desta ordenanza e non estea identificada expresamente nela como grave ou moi grave.

Artigo 16.- Infraccións graves.

Constitúen infraccións graves:

- a) Actuacións que supoñan o deterioro das vías e camiños municipais.

- b) Non proceder á reparación dos danos e/ou limpeza dos restos forestais dentro do prazo sinalado de vinte días hábiles, dende o seguinte ao remate ou interrupción dos traballos.
- c) Non achegar ou falsear os datos que se esixen no artigo 4 desta ordenanza.
- d) Obstruír a acción instrutora ou investigadora da Policía Local ou técnicos municipais.
- e) O depósito de madeira nas vías públicas e o vertido dos residuos procedentes das operacións reguladas na presente ordenanza en lugares non autorizados expresamente para elo, sen risco para os usuarios da vía.
- f) A reincidencia na comisión de dúas infraccións leves da mesma natureza, no prazo dun ano.

Artigo 17.- Infraccións moi graves.

Constitúen infraccións moi graves:

- a) Actuacións de deterioro grave e relevante das vías e camiños municipais que non permitan a circulación de vehículos.
- b) Non proceder á reparación e/ou limpeza dos restos forestais dentro do prazo sinalado de vinte días hábiles, contados a partir do día seguinte da notificación do requirimento municipal.
- c) Usar as vías públicas para almacén ou depósito de madeira de forma que supoñan un risco para os usuarios da vía.
- d) Os depósitos de rolla, pólas ou podalla que invadan a zona de circulación, tanto de vehículos como de persoas, menoscaben a funcionalidade das cunetas, canalizacións, pontes ou calquera outra infraestrutura anexa ao viario, ou supoñan risco para os usuarios da vía.

CAPÍTULO III.- SANCIONES

Artigo 18.- Sancións.

As infraccións administrativas sancionaranse con multa nas seguintes contías:

- a) As infraccións leves serán sancionadas con multa de 50 euros ata 750 euros.
- b) As infraccións graves serán sancionadas con multa dende 751 euros ata 1500 euros.
- c) As infraccións moi graves serán sancionadas con multa dende 1501 euros ata 3000 euros.

Artigo 19.- Obriga de reposición.

Sen prexuízo da sanción administrativa que se impuxera, quen infrinja a presente ordenanza terá a obriga de repoñer as cousas ao estado anterior á infracción cometida e os danos e prexuízos causados.

Disposición final. A presente ordenanza entrará en vigor así que se publique no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Ames, 30 de outubro de 2018

A primeira tenente de alcalde

Alcaldesa por delegación (Decreto 2223/2018)

Genma Otero Uhía

2018/8174